



SAL. 008636 14.12.17 12:16

RESOLUCIÓN REITORAL DO 4 DE DECEMBRO DE 2017 DE RECOÑECIMENTO DO TEMPO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO MILITAR OBRIGATORIO OU PRESTACIÓN SOCIAL SUBSTITORIA REALIZADA NUNHA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA AO PERSOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS PARA OS EFECTOS DE TRIENIOS

O recoñecemento de servizos previos do persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Santiago de Compostela para o cómputo de trienios realízase ao abeiro do establecido no artigo 51º do convenio colectivo para o Persoal Laboral da Universidade de Santiago de Compostela (DOG 30 de decembro de 2008), no que se remite ao disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro, sobre recoñecemento de servizos previos na Administración Pública. O dito recoñecemento inclúe o tempo de cumprimento do servizo militar que non teña a consideración de obrigatorio.

Na sentenza Nº 304/16 do Xulgado do Social número 1 de Lugo, recaída en resolución de demanda presentada por un traballador do colectivo de PAS laboral e confirmada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, concretamente no seu fundamento xurídico 4, arguméntase como debe ser interpretado o convenio colectivo de aplicación para o PAS laboral da USC e a súa relación coa regulación do recoñecemento de servizos previos, indicando que:

- cando o artigo 51º do convenio colectivo recoñece a efectos de antigüidade os “servizos previos prestados na Administración pública” non exclúe expresamente os que posúen carácter obrigatorio polo que, se a norma convencional non distingue, non procede excluír esa prestación persoal obrigatoria a efectos do recoñecemento da antigüidade.
- o artigo 51º do convenio colectivo, cando se remite á Lei 70/1978, faino unicamente a fin de determinar a forma de abono dos trienios consolidados en réximes diferentes aos do propio convenio, non para decidir se procede ou non recoñecer ditos servizos previos a efectos de antigüidade, que debe efectuarse conforme ao propio precepto convencional, que non exclúe as prestacións de servizos que tiveron carácter obrigatorio.

Esta mesma posición mantense noutras moitas sentenzas da orde social que teñen en conta a literalidade dos convenios no senso de indicar que se no convenio non se distingue a administración non pode distinguir.

Ante este pronunciamento xudicial, consultado o Servizo de Asesoría Xurídica, cabe concluír que para o PAS laboral debería considerarse como prestación de servizos a totalidade do período de prestación do servizo militar (voluntario e obrigatorio) así como a prestación social substitutoria desenvolvida no ámbito da administración pública e computarse dito período a efectos de trienios; estimación e cómputo que debe producirse do mesmo xeito para o PAS laboral temporal, en aplicación literal do que dispón o artigo 51º.2 do convenio.

En consecuencia, o Reitor resolve:

Que o recoñecemento de servizos previos para o cómputo de trienios polo período de prestación do servizo militar ou prestación social substitutoria realizada nunha administración pública, inclúa a totalidade do período de prestación (tanto obrigatoria como voluntaria) para o PAS laboral fixo e temporal. Para o dito recoñecemento será preciso acreditar os servizos coa certificación de servizos previos da administración correspondente. Este recoñecemento terá efectos dende a data da solicitude.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2017

O Reitor



Juan M. Viaño Rey

